

Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de marzo de 2022** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

III.- Expediente de clasificación como veciñal en man común dos montes denominados "O Formigueiro, Piñeiral, Os Terros e Lama Vella", a favor dos veciños de Quintela, na parroquia de Canedo, no Concello de Ourense. Acode en representación dos veciños Adrián Presas Sobrado.

Durante a tramitación do procedemento a empresa ADIF presentou un escrito de alegacións en relación con tres parcelas incluídas no acordo de inicio da clasificación. Trátase da parcela 32900A080000550000PR, sobre a que ADIF afirma ter un dereito de servidume constituído mediante título de expropiación nunha superficie de 354 m²; a parcela 32900A080000420000PY, sobre a que ADIF tería un dereito de servidume constituído mediante título de expropiación nunha superficie de 395 m²; e a parcela 32900A078002050000PA, sobre a que ADIF alega dispoñer dun dereito de propiedade obtido mediante título de expropiación nunha superficie de 220 m².

O representante veciñal manifesta a súa conformidade respecto dos dereitos reclamados por ADIF respecto ás citadas parcelas.

O Xurado comunica polo tanto ao comparecente a súa decisión de acordar a clasificación do monte, realizando as modificacións oportunas derivadas dos dereitos de servidume e propiedade ostentados por ADIF.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 15 de xuño de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Formigueiro, Piñeiral, Os Terrós e Lama Vella, a favor dos/das veciños/as de Quintela, na parroquia de Canedo, no concello de Ourense.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 9 de marzo de 2022, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Formigueiro, Piñeiral, Os Terrós e Lama Vella, a favor dos/das veciños/as de Quintela, na parroquia de Canedo (San Miguel), no concello de Ourense, resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 3 de decembro de 2019 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común en que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas O Formigueiro, Piñeiral, Os Terrós e Lama Vella.

Segundo. Con data do 21 de abril de 2021, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. Durante a tramitación do procedemento a empresa Adif presentou un escrito de alegacións en relación con tres parcelas incluídas no acordo de inicio da clasi-



ficación. Trátase da parcela 32900A080000550000PR, sobre a que Adif afirma ter un dereito de servidume constituído mediante título de expropiación nunha superficie de 354 m²; a parcela 32900A080000420000PY, sobre a que Adif tería un dereito de servidume constituído mediante título de expropiación nunha superficie de 395 m², e a parcela 32900A078002050000PA, sobre a que Adif alega dispoñer dun dereito de propiedade obtido mediante título de expropiación nunha superficie de 220 m².

O representante veciñal manifestou na sesión do Xurado Provincial do día 9 de marzo de 2022 a súa conformidade respecto dos dereitos reclamados por Adif respecto ás citadas parcelas.

O Xurado, con base no exposto, acordou a clasificación do monte, realizando as modificacións oportunas derivadas dos dereitos de servidume e propiedade que ten Adif.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que figura no expediente, descríbese así:

Nome do monte: O Formigueiro, Piñeiral, Os Terrós e Lama Vella.

Superficie: 3,38 ha.

Pertenza: veciños/as de Quintela.

Parroquia: Canedo (San Miguel).

Concello: Ourense.

Descrición das parcelas que constitúen o monte:

Predio 1. O Formigueiro:

Parcela obxecto de clasificación (ref. catastral)	Parcelas estremeiras (ref. catastral)	
32900A08000055	Norte	32900A08000054
	Leste e sur	32900A08009008
	Oeste	32900A08000056

* A parcela 55 do polígono 80 está gravada cunha servidume de 10 m de ancho para a reposición dunha liña eléctrica de alta tensión na zona NO da parcela, constituída a favor de Adif nunha superficie de 354 m².



Predio 2. Piñeiral:

Parcela obxecto de clasificación (ref. catastral)	Parcelas estremeiras (ref. catastral)	
32900A08000042	Norte	32900A08000041
	Leste	32900A08009007
	Sur	32900A08000043
		32900A08000070
	Oeste	32900A08000050
		32900A08000049
		32900A08000048
		32900A08000047
		32900A08000090
		32900A08000137
		32900A08000205
		32900A08000204
		32900A08000081
32900A08000078		
32900A08000074		
32900A08000077		
32900A08000076		
32900A08000075		

* A parcela 42 do polígono 80 está gravada con dúas franxas de servidume para a reposición dun gasoduto subterráneo, unha de 3 m de ancho, na zona central da parcela, e outra de forma triangular e 4 m de ancho medio, na zona NE, constituídas a favor de Adif nunha superficie total de 395 m².

Predio 3. Os Terrós e Lamavella.

Estes terreos constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais están separadas pola estrada coa referencia catastral 32900A07809001.

Parcelas obxecto de clasificación (ref. catastral)	Parcelas límites (ref. catastral)	
32900A07800067 32900A07800068 32900A07800213 32900A07800060 32900A07800205 (parte) 32900A07800206	Norte	32900A07800214
		32900A07709001
		32900A07800205 (resto)
	Leste	32900A07800059
	Sur	32900A07809001
		32900A07800062
		32900A07800063
32900A07800064		
32900A07800066		
32900A07800209		
Oeste	32900A07800069	
	32900A07809002	



Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado O Formigueiro, Piñeirál, Os Terrós e Lama Vella, a favor dos/das veciños/as de Quintela, na parroquia de Canedo (San Miguel), no concello de Ourense, de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.




Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso otostativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 15 de xuño de 2022

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense





Quintela

	CLASIFICACIÓN DOS MONTES DENOMINADOS "O FORMIGUEIRO, PIÑEIRAL, OS TORRÓS E LAMA VELLA" COMO MVMC A FAVOR DAS VECIÑAS/OS DE QUINTELA, NA PARROQUIA DE CANEDO, NO CONCELLO DE OURENSE	
	SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89 COORDENADAS UTM FUSO 29	ESCALA 1:4000 FEBREIRO DE 2021 <small>BASE CARTOGRÁFICA: PNOA 2017 E CARTOGRAFÍA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO"</small>
<ul style="list-style-type: none"> TERREOS INCLUIDOS NA SOLICITUDE PARCELAS CATASTRAIS URBANAS RESTO DE PARCELAS CATASTRAIS 		